

■ SETEMBRO-OUTUBRO 2021

Revista Galega de Información Literaria - Ano 19 N.º 112

PVP 3 €

**Terceiro traballo de Rosa Cedrón como solista
Entra o outono con apostas narrativas de Ana Cabaleiro,
Domingo Villar, Diego Ameixeiras e Cecilia F. Santomé**

**Antonio Piñeiro estrea *Trávelin*,
unha novela de trama policíaca
nocturna e canalla**

Biblos

CLUBE DE LECTORES



CARTA AOS LECTORES

Semellante á liberdade

A fotocopiadora di que ten un problema irresoluble porque na programación da súa memoria electrónica alguén introduciu esa mensaxe de obsolescencia para que agrome ao cabo dun número preciso de copias. A opción é desfacerse do cacharro nun punto limpo. Ou non. Porque se lle extirpamos esa orde, o trebello segue a funcionar con normalidade. O que si podemos reciclar como bos cidadáns son as botellas de vidro, aínda que ese vidro non sempre remata nunha nova vida de vidro. Ou superar o proceso, como se afirma que se fai en grandes volumes en China fabricando botellas que non chegan a empregarse para conter líquidos e que van directamente á reciclaxe para logo rematar no téxtil e cubrir así as cotas de utilización de material recuperado. No Afganistán igual os malvados chegaron ao poder. Pero podería ser que non, que os malotes de verdade sexan só un reduto que hai que atacar para negociar cos novos gobernantes. Axiña non serán peores ca outros moitísimos tétricos aliados dos máis poderosos. Hai algún dogma dos que semellan máis serios (bancarios, relixiosos, ecolóxicos, sindicais, partidarios, futbolísticos...) que non mereza ser repensado desde a subxectividade? A información desbórdanos. Esmáganos a complexidade dun mundo no que sabemos que todo nos afecta. Estamos asolagados polo xurro de noticias e actuacións trampulleiras que nos confunden e desesperan para, na ausencia de media ducia de verdades que poidamos asumir como inamovíbeis, rematar baixo as máis sorprendentes e perigosas bandeiras de dogmatismo e intransixencia. Máis ca nunca, a resposta é procurar na formación e na razón as ferramentas para superar as dúbidas e as imposicións da masa. escoitar voces plurais, confrontar opinións e non ter medo en mudar (algo tan mal visto hoxe, cando se anatematiza cuestionar unha relixión, un partido político, un sindicato, un equipo de fútbol, un estilo de roupa...). Un libro pode tamén estar cheo de mentiras. Pero a lectura danos acougo e tempo para remoer o que nos di, para repensar e procurar noutra obra os argumentos que a nosa razón esixe como contrapartida. Non debemos rendernos. É un esforzo, pero é o máis semellante á liberdade.

Carmela González

Directora



Biblos

CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio

15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440

A Portada

Unha imaxe corrente que forma parte da bagaxe de quen gustamos da beiramar serve desta volta para elevala a metáfora do verán que esmorece e dá paso ao outono. A folla-páxina que bambea fala das narrativas que veñen e van nun tempo talvez repetido.



«Os Oitenta en Santiago foron un crisol irrepitíbel de di

Antonio Piñeiro mestura e de Compostela cunha tra

A nova novela de Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962) comeza nunha vibrante noite de xoves en Santiago. Corre polas rúas a trécola riseira da mocidade universitaria no apoxeo da Movida dos Oitenta e unha nova no Telexornal dá conta dun vehículo atopado entre as silveiras que lindan co Ensanche. Hai alguén dentro. A cámara evoluciona sobre o suceso coma nun *traveling* ata a imaxe do primeiro plano, na que o inspector Aláin examina o escenario. O autor fai aparecer de seguido os locais, os pubs, as músicas e o ambiente da Movida e dun tempo que tivo tamén as súas vereas de incerteza, vertixe e marxinalidade.


—Algunhas das súas novelas comparten como escenario a cidade de Santiago e como referente principal o mundo universitario. Atopou vostede un filón?

—Teño que empezar por dicir que o concepto de filón atinxe ao sentido mesmo de canto facemos. Procuramos camiños, vetas, achados... é dicir: filóns. Procurámoslos no noso crecemento, na prosperidade, na madurez, na familia, no amor, na amizade, no traballo, no éxito, en definitiva na propia realización. Por tanto deberíamos prescindir dese sentido excepcional ao que a palabra nos soa. Empo-

riso, a cidade de Santiago, a súa Universidade, é a de xeracións nostalgicamente nomeadas. Nomeadamente a dos anos oitenta. Un tempo de luz, alegría, boa música, pensamento crítico e vitalidade. Mais tamén cos seus traspés, claro. Supoño que era parte intrínseca daquel complexo organismo cultural. Por iso coido que foi o escenario dunha realidade que aínda ha de dar riquísimas narrativas; porque achega o narrable á realidade posible, e á inversa, a súa memoria licúase na voz narrativa cunha facilidade case oral. Vese ben cando nolo conta alguén que o viviu. As palabras saen soas. Ten xa a súa propia literatura na oralidade.

—En *Celada* coñecemos o inspector Aláin, que volve estar presente en *Trávelin*. Que evolución lle permite este salto co personaxe?

—Aláin é o alcume que os estudantes lle puxeron a un inspector ben peculiar, procedente dos aparellos do réxime anterior. Púñanllos a moitos. En *Celada* aparecen os aspectos que conformaron a súa personalidade: un sistema, un ambiente, as forzas, necesidades, limitacións e fraquezas dun tempo da nosa Historia, concitados nese intre da novela, o das revoltas estudantis dos anos setenta. Ao rema-



Antonio Piñeiro

Trávelin

Santiago de Compostela, anos oitenta. Unha nova no Telexornal dá conta do achado dun vehículo abandonado entre as silveiras da periferia. O inspector Alain examina o escenario. Ese é o punto de partida da pescuda que o leva por toda a cidade, percorrendo os locais de moda e sacándolles aos informadores de confianza as pistas para capturar a quen está detrás dos graves feitos relacionados co caso. O seu percorrido é tamén o da gandaina, o dos bares, o dos pubs, o das músicas e o do ambiente en que atopará os peculiares suxeitos dunha década que trouxo consigo esouros reculos de sombra e marxinalidade

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-9121-934-7

16,43 €

versidades e estéticas»

en *Trávelin* o ambiente universitario ama policiáca nocturna e canalla

tar *Celada* xa me decatei do punto que viña ser. Quedei coma emprazado. E resultou ben doado acompañalo neste outro transo, o do *Trávelin*, xunto cun terceiro título, aínda en bosquejo, asistindo a través dos tres á evolución da persoa coa sociedade e coa cidade.

—O título da novela traspóñenos ao mundo do audiovisual. É xa unha pista sobre o que virá despois?

—En primeiro lugar coido que quedou unha novela moi visual. Que hai un efecto imaxe paralelo ao exercicio intelectual da lectura. Non sei se foi o resultado de traballar a narración en clave de cámara. Ao mellor si, e a combinación do «varrido» da noite santiaguesa coa viaxe de aproximación ata o primeiro plano esixía ese ingrediente que lle aporta á lectura un resultado máis plástico. En segundo lugar poría o ritmo. Desta volta, o efecto de avance da cámara e a andaina da pescuda resultou nun ritmo máis marcado, diríamos máis policiáco, que polo que teño escoitado impregna tamén o pulso lector sen solapar a idea, da que prefiro non desvelar detalles, deixándoa ao descubrimiento coma terceira suxestión.

—Falamos xa do peso do mundo universitario pero, que fai un poli inserido na trama?

—A movida santiaguesa dos oitenta tiña aqueles retrincos mesturados de liberdade, luz, noite e unha xeración efervescente. O lle engadir unha trama policiáca nocturna, canalla e acorde, era un reto que xa me formulara algunha vez. Creo que o resultado nos dá a clave para completar literariamente certas cousas daquel tempo. Pola miña propia experiencia, pola miña propia vivencia, podo dicir que sucesos dese cariz ocorrían practicamente cada semana. Foi un fenómeno sociolóxico, xa ben analizado, por outra banda, que, diríamos, viña no lote, propiciado polo rápido cambio dos tempos, a explosión das liberdades, os contrastes socioculturais, a actividade frenética en todos os ámbitos e certos excesos.

—Con esta obra gañou vostede o Premio de Novela Curta Lueiro Rey. É mellor dicir as cousas en poucas palabras?

—Para nada. A literatura pouco ou nada ten que ver co sistema métrico. Mesmo os conceptos de estilo literario ou novela escapan a ese corsé. O que pasa é que cada tema, cada historia, cada novela, vai atopando as

súas dimensións. E aí entra tamén o autor. Escollo adoito a novela curta porque deixa meirande visibilidade á idea. Considero que a idea é un valor, en narrativa. Sen menoscabo da estética ou do discurso. Os aspectos físicos, coma o tamaño, mesmo me atrevería a dicir que poidan ser unha cuestión de apetitos. É xa sabemos que os apetitos son tamén volátiles.

—Sen profanar a novela, ata onde pode contar sobre o peso de outros personaxes?

—Sempre busco personaxes que teñan algo que dicir por si mesmos. Que poidan esperar un certo interese. Que aporten esa migalla de presenza que os faga perdurables. Polo menos iso intento. Aí, por exemplo, Layla, a moza complexa e namorada co nome roqueiro, que inicia a historia; ou o Caponata, ambiguo habitante das beirarrúas noctámbulas. No *Celada* quixen probar isto mesmo coma técnica: amosar a entidade do intre pola entidade dos seus protagonistas. Repito que os Oitenta, en Santiago, foron un crisol incomparable e irrepitíbel de diversidade, complexidades, dinamismos e estéticas que hoxe, case corenta anos despois, funciona aínda coma o imán das emocións que era daquela.

Títulos anteriores

As fiandeiras

Galaxia Rústica
13,5 x 21 108 páxinas

ISBN: 978-84-9865-400-4
15,50 €

A dama fulxente

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 78 páxinas

ISBN: 978-84-92792-98-6
10 €

A venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

A identidade fascinada

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 164 páxinas

ISBN: 978-84-9865-606-0
14,75 €

A través do fume

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-9151-188-5
14,75 €

Celada

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-9121-664-3
16,15 €

Ana Cabaleiro



Deixádenos remar

A vida nun modesto arrabalde vese trastornada coa construción dunha flamante urbanización de chalés acorados. A medida que as vivendas se venden e os novos veciños se van asentando, o muro exterior da urbanización transfórmasse en fronteira e o microcosmos do barrio acaba por se dividir en dous bandos. Mais non se trata dunha rivalidade polo territorio, senón da colisión entre dúas formas de vida que se converte nunha lenta e constante guerrilla de pequenas escaramuzas veciñais, na reafirmación do status comunitario dos humildes, e na manifestación dos soños e loitas dependendo do lado do muro en que se habite. Ana Cabaleiro dálles voz ás protagonistas anónimas do cotián, todas humildes e arrabaldeiras, ben sexan esforzadas traballadoras, opositoras, desempregadas, xubiladas, divorciadas, artistas ou viaxeiras.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-9121-933-0
16,43 €




Domingo Villar




Algúns contos completos

«Este libro de contos pretende celebrar a vida e a amizade nun encontro, como nas nosas reunións de amigos, entre os meus pequenos relatos e os maravillosos linogravados de Carlos Baonza», segundo afirma o propio autor. Carlos Baonza é artista. Nesta obra debuxa, pinta, esculpe e ilustra con linogravados os contos do seu amigo Domingo Villar.

Galaxia Rústica
20,5 x 26 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-9151-651-4
18,95€



Álvaro Cunqueiro Polos vieiros do fabulador




por Pontevedra, guiados pola pluma de Álvaro Cunqueiro.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 206 páxinas
ISBN: 978-84-9151-648-4
19 €

Cunqueiro e Pontevedra

Reúnese nesta obra unha selección de traballos que o autor de *Merlín e familia* foi sementando por variadas publicacións, e onde, unhas veces de xeito tanxencial, outras específico, fai referencia a Pontevedra cidade, á provincia e as súas vilas, tradicións, gastronomía e paisaxes. Unha escolma que permite un achegamento á identidade dun territorio rebordado de literatura, mitos e lendas. Unha viaxe

Marcial Valladares Maxina ou a filla espuria



da Real Academia Galega.

Galaxia Rústica
18,5 x 27 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-9151-643-9
23,75 €

Nova edición coincidindo co centenario do nacemento do autor estradense Marcial Valladares. *Maxina ou a filla espuria* publicouse en 1880 por entregas na revista madrileña *La ilustración Gallega y Asturiana*, que dirixía Murguía, e tivo a súa primeira edición en libro en 1970, da man da editorial Galaxia. A nova edición ofrece un texto actualizado e acompañado coa reprodución facsimilar caligráfica do manuscrito orixinal realizado en 1870 e depositado nos arquivos

Manuel Rivas Os comedores de patacas




narrativa desde a sinxeleza, o humor e unha inesgotable capacidade para contar con axilidade, con ritmo e con precisión.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-9121-932-3
16,72 €

O protagonista da novela é Sam, un adolescente enganado na droga que habita nos lindes da delincuencia. O paro, o walkman, o teléfono, o rap, os colegas, o contacto co sexo, o ruído dos tractores, o poder da amizade, as ensoñacións do protagonista, un accidente de coche, a incomunicación, ese Algo que Sam se mete, o reencontro coa aldea, a avoa... constitúen os referentes vitais dun protagonista rebelde e entrañable, que caminha pola vida empuxado polo optimismo. O autor tece a súa

Diego Ameixeiras





O cervo e a sombra

Mateo tenta saír adiante vendendo cocaína e deixándose enredar polos estraños negocios que lle ofrece Silvio, o seu mellor cliente e un vello amigo co que se sente en débeda. Ao mesmo tempo, mentres se esforza en superar a morte dos seus pais nun accidente de tráfico, ocúpase de atender a Eulalia, unha mestra xubilada que xa non pode levarlle flores ao seu irmán morto. Na loita por non renderse ante as circunstancias, procura o apoio de Andrés, un sacerdote que anos atrás o axudou a desintoxicarse. A inesperada aparición de Irene na cidade, unha relación que o marcou para sempre, e o descubrimento da Barronka, un edificio rehabilitado por un grupo de anarquistas, prenden en Mateo unha chama de esperanza para seguir vivindo. Pero os seus terrores non están dispostos a abandonalo. Todo é unha lembranza. A lembranza bañada en sangue dos derradeiros días da súa vida.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-9121-992-7
16,72 €




Xabier Quiroga O baile dos estornións

Un afamado escritor, con problemas cardíacos, recibe dun ancián moribundo co que comparte cuarto de hospital un breve e intrigante relato. Aparentemente ten que ver con Castelao e con certos acontecementos da posguerra. A curiosidade fará que inicie unha investigación na que, en principio, non cre. Novela concibida como remate da Triloxía da Ribeira Sacra.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 800 páxinas

ISBN: 978-84-9121-913-2
22,70 €




Xabier Paz A barcelonesa

Case cen anos de tensión entre a vida familiar e os acontecementos sociais que conforman as biografías particulares e vontades dos personaxes: a emigración cubana, o retorno triunfal, a guerra, a ruína e a loita pola supervivencia érguense como metáfora do país. A memoria vai comendo esta narración a dúas voces nun intento de completar a mera visión individual.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-9121-914-9
17,38 €



Iago Méndez A forma de Célebes

Carminha e Anselmo regresan a terras galegas a finais dos noventa para pasar unha xubilación sen sobresaños. Pero unha chamada telefónica do fillo maior quebra a tranquilidade da que apenas comezaban a gozar. Unha novela que aborda situacións de dureza psicolóxica, así como as relacións dentro e fóra do núcleo familiar, as adicións e as dificultades de comunicación.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-9151-640-8
14,75 €

Cecilia F. Santomé



Unha rapaza de provincias

Carrexando unha maleta cargada de entusiasmo, en 1979 Carmen chega a unha Barcelona vibrante, moderna e chea de contrastes para pasar o verán. Coa súa irmá Pilar e o seu cuñado Gabino como guías, descubrirá unha sociedade nos antípodas da súa aldea, tan pequena, tan pechada. Mais non todo en Barcelona é de cor de rosa. Carmen comprobarao cando busque colocación como criada nos barrios altos, para sacar uns cartiños mentres non regresa á casa. Ao servizo de señoras adifneiradas, cocinará, fregará, escoitará moito e calará aínda máis. Cecilia F. Santomé recrea a Barcelona da Transición e réndelle tributo a esa emigración galega -interior, en feminino- pouco explorada e a miúdo eclipsada polas grandes epopeas transoceánicas.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-9121-993-4

15,20 €




Adela Figueroa Panisse As mulleres da Casa da Bouça da roupa estendida

«As mulleres da Casa da Bouça da roupa estendida é unha obra chea de crueldade e de horror, pero tamén contén a beleza da terra, neste caso a do Incio, e da vida, sobre todo a través do amor e da esperanza nun futuro mellor, sen deixar de ser consciente da necesidade dun certo idealismo xeneroso para poder avanzar». Claudio Rodríguez Fer.

Laivento Rústica
14 x 21 cm 188 páxinas

ISBN: 978-84-8487-534-5
17,05 €




Héctor Carré Medos

Avanzar na vida consiste en enfrontar o medo, ás veces mesmo con humor, con moito humor. En algunhas ocasións o medo é tanto que falta o aire para respirar e semella que é insuportable mais, así e todo, conseguimos o valor necesario para tirar adiante e seguir enfrontando a vida. A fin de contas, temos medo porque aínda non estamos mortos.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-9121-915-6
17,38 €

Narrativa grega contemporánea en galego



Menis Koumantareas O obradoiro de vidro

Bempa Tantis, outrora idealista, combina certo pulo emprendedor co encanto físico e unha aura gaioleira. Consome a vida entre un negocio non demasiado boiante, un marido abúlico que a idolatra en silencio, dous empregados servís e ilusións de improbable consecución. Son os alicerces nos que Menis Koumantareas apoia o edificio desta novela urbana, interpretable como elexía do desencanto dunha xeración que entrou na madurez escoltada pola instauración da Ditadura dos Coroneis, un réxime militar que lle puña o ramo a unha cadea de traumas: a II Guerra Mundial, a Guerra Civil subseguinte e o fracaso do posterior réxime parlamentario. Traducido do grego por Alfonso Blanco.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-122593-7-7

15 €


Na última década, a publicación de cinco grandes novelas da literatura grega contemporánea serviu para cubrir un notable baleiro no corpus de tradución ao galego. Se, por unha banda, a literatura helena clásica xa se fora incorporando á lingua de noso dende mediados do século XX, grazas en boa medida a unha xeración de afeitosos tradutores dos que talvez o máis soado sexa Evaristo de Sela, pola outra quedaba unha tarefa pendente: a importación de narrativa contemporánea. Non así, ou non tanto, poesía neohelénica, que si se foi traendo aos poucos, mesmo en edicións relativamente recentes coma a dos *Poemas canónicos* de Kavafis.

Escrita orixinalmente ben no estándar derivado da koiné clásica ou ben na variedade popular ou demótica (oficial dende 1976), hoxe o lectorado en galego dispón dun pequeno abano máis ou menos representativo da mellor produción novelística dos creadores e creadoras gregos. Dende a potente e desconcertante *A asasina* (1903), de Alexandros Papadiamandis, considerada a novela inaugural da literatura grega moderna, até dúas obras distinguidas co Premio Nacional das Letras: a urbana e política *O obradoiro de vidro* (1975), de Menis Koumantareas, e a coral e traducida a multitude de linguas *Pequena Inglaterra* (1997), de Ioanna Karistiani.

Naturalmente, aínda falta moito por traer (pezas de Markaris, Viziinos, Kazantzakis...), pero é un feito que onde antes non había nada, agora xa hai algo, e algo digno, merecedor de ser traducido. Velaí, polo tanto, un motivo de celebración, máxime cando as cinco son traducións directas e debidamente enmarcadas nuns criterios de edición profesional.

Alejandro Tobar Salazar

Editor de Hugin e Munin




Andreas Karkavitsas O esmoleiro

A acción sitúase en 1880. O protagonista, Tziritokostas, é un esmoleiro profesional, procedente dunha rexión do Peloponeso fértil en mendicantes, que chega á aldea de Nychteremi, en Tesalia, un territorio acabado de incorporar ao Estado grego pero aínda ancorado na época otomá. Nese lugar aproveitará para poñer en práctica as artes do seu oficio –o disface, o finximento, o calote...–, aproveitando a extrema pobreza e do carácter supersticioso das súas xentes. *O esmoleiro* é unha destacada mostra da tendencia naturalista de Andreas Karkavitsas, autor influído polo estilo de Zola e dos escritores rusos. A tradución é de Alfonso Blanco.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 184 páxinas

ISBN: 978-84-122593-4-6

14,50 €




Konstantinos Theotokis A honra e os cartos

Theotokis, un dos renovadores da prosa grega moderna, abre nesta novela dúas liñas de denuncia: contra a opresión á cal as clases dirixentes someten as clases populares e a pretensión de manter ou acadar un status socioeconómico elevado, a calquera prezo e á conta das mulleres. A acción enmárcase nunha vila da illa de Corfú e céntrase na relación amorosa que manteñen Andreas e Rini, que transgrede os usos sociais –ao ser el fillo dunha ilustre estirpe vinda a menos, e ela a primoxénita dunha familia humilde– e se ve pexada polo egoísmo e os intereses creados. Traducida do grego por Alfonso Blanco.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 102 páxinas

ISBN: 978-84-121280-3-1

13 €




Ioanna Karistiani Pequena Inglaterra

Unha das novelas máis senlleiras da literatura grega contemporánea en tradución de Alfonso Blanco. Publicada por vez primeira en 1997, reportoulle á cretense Ioanna Karistiani o Premio Nacional de Literatura de Grecia. Co mar Exeo e con Andros, a máis setentrional das illas Cícladas, como marco principal da acción, e alicerzada como unha traxedia clásica, a obra afonda nas vidas dunha comunidade de mariñeiros ao longo da primeira metade do século XX. Traballo, desgrazas, vodas e amores cruzados, vencellos irrenunciáveis, solitarias travesías, paisaxes agrestes, a guerra...

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 368 páxinas

ISBN: 978-84-948805-7-5

15,68 €



Alexandros Papadiamandis A asasina

Unha pequena illa grega, Skiathos, e unha muller de sesenta anos, Khadula, son os dous piares sobre os que Papadiamandis asenta a súa desconcertante novela, unha obra mestra das letras gregas. O texto amosa unha sociedade pobre ensumida na penuria sen esperanzas de ningún tipo que habita un medio natural hostil aínda que dunha beleza abraiante onde ao igual que na traxedia grega o asasinato pode contemplarse como saída inevitable. Esta é, antes que nada, unha novela psicolóxica que foxe de axuízamentos e afonda na angustia ante circunstancias extremas da vida. Traducida do grego por Susana Losada e Margarita Olivar.

Hugin e Munin Rústica 20 x 13,5 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-941211-0-4

15 €



Robertson Davies

O quinto en cuestión

Considerada a mellor novela canadense do século XX, narra a historia dun home racional que descobre no máxico un aspecto máis da realidade. Una reflexión sobre o destino, o azar e o paso do tempo. É a obra dun autor erudito trazada cunha inusual profundidade, entre a melancolía e un sutil sentido do humor. Publicada en tradución de Alejandro Tobar.

Factoría K Rústica
13,5 × 20,5 cm 436 páxinas
ISBN: 978-84-16721-82-5
17,10 €



Olli Jalonen

A esfera celeste


Ambientada na década de 1680, nos albores da Ilustración, a ciencia e a fe enfróntanse nesta emotiva historia. Angus é un campesiño de sete anos que vive coa súa nai e coa súa irmá na illa atlántica de Santa Helena. A tarefa que lle encomenda a Angus o astrónomo Edmund Halley consiste en contar o paso de certas aves. Mentres practica, Angus soña con viaxar a Londres e traballar como axudante de Halley. Pero unha traxedia acontece en Santa Helena e o rapaz agóchase nun barco con destino a Inglaterra. Quen lle diría que alguén tan humilde coma el chegaría a desempeñar un papel determinante na historia da ciencia.

Factoría K Rústica
15 × 23,5 cm 560 páxinas
ISBN: 978-84-16721-90-0
17,10 €

En castelán:

La esfera celeste

ISBN: 978-84-16721-91-7



Aldous Huxley

Un espléndido mundo novo

É posiblemente a novela máis lida e inquantable de Aldous Huxley. Presenta un futuro lonxano onde o mundo alcanza a felicidade absoluta grazas a unha nova realidade deseñada a partir do lema «Comunidade, identidade, estabilidade». Os grandes controladores administran ata o máis mínimo detalle nesta sociedade perfecta onde todo está planificado, a violencia é un vago recordo e os humanos son cultivados con enxeñería xenética e clasificados en castes. A poboación vive na ignorancia a través dun depurado lavado de cerebro. Cando se publicou en 1932 foi calificada como unha distopía, pura fantasía, mais resultou visionaria e premonitoria. En tradución de Alejandro Tobar.

Factoría K Rústica
15 × 23,5 cm 344 páxinas
ISBN: 978-84-16721-88-7
17,10 €



Irene Solà

Canto eu e a montaña baila

Un lóstrego bate enriba de Domènec, o poeta-labrego, que morre de inmediato. O lapso fugaz entre a vida e a morte marca esta historia de historias na que se mesturan pasado, presente e futuro; onde conviven realidade e ficción, historia e mitoloxía. Unha novela coral na que toman a palabra mulleres e homes, nubes e fungos, osos e cervatos que habitan entre Camprodón e Prats de Molló. Nesta zona do Pireneo catalán consérvase a memoria de séculos de loita pola supervivencia, de persecucións e de guerras fratricidas. En tradución de María Alonso Seisdedos.

Factoría K Rústica
13,5 × 20,5 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-16721-83-2
16,15 €



Laurie Colwin

Felices todo o tempo

Guido e Vincent, amigos dende a infancia e cun traballo estable, namóranse de Holly e Misty, respectivamente. Daquela chegan os cortexos, os celos e os encontros familiares, aderezados por catro personalidades fortes ás que non lles falta sentido do humor. Malia os seus desencontros, as dúas parellas viven unha vida aprazible no Nova York de finais dos anos setenta. Tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-17388-62-1
18,95 €




Gaël Faye

Pequeno país

Burundi, 1992. Gaby ten dez anos e pasa o día cos amigos nas rúas de Bujumbura, cos que rouba mangas nos xardíns do barrio, se baña no río e fuma ás agachadas. Pero a súa vida libre de preocupacións é interrompida pola separación dos pais (francés e ruandeses) e pola guerra, que o despoñirá do paraíso da infancia e o obrigará a medrar a marchas forzadas. A tradución do francés é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21 cm 204 páxinas
ISBN: 978-84-17388-59-1
17,10 €




Carl Jonas Love Almquist

As nosas normas

A controversia levantada por esta obra «de cuestionable moralidade» obrigou a C. J. L. Almquist a dimitir como director de escola, causoulle multitude de problemas no exercicio do sacerdocio e provocou a ira das correntes tradicionalistas. Motivou que as escritoras suecas coetáneas do autor a cualificasen como «fantasía masculina», se ben as menos destacaron tamén os seus valores feministas. Traducida do sueco por Marta Dahlgren.

Hugin e Munin Rústica
13,5 × 20 cm 132 páxinas
ISBN: 978-84-122593-6-0
14,50 €



Aubrey F.G. Bell

Galicia vista por un inglés

Crónica viaxeira pola Galicia da década de 1920 na que Bell pretende «dar unha idea sobre o engado e interese dun país aínda pouco coñecido polos viaxeiros». «A arquitectura, a escultura, a lingua, a literatura, a botánica, a arqueoloxía e a etnoloxía desta fermosa rexión chaman fortemente polo especialista que, en cada unha das devanditas materias, ha achar aquí un rico material de estudo, mentres que o deportista poderá pasar moitos días felices entre os regatos e as montañas». A tradución do inglés é de Xosé María Gómez Clemente.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 190 páxinas
ISBN: 978-84-17388-61-4
16,15 €

Para ler e aprender

Markéta Špačková

Nos furados das árbores

En cada pregadura dun carballo existe unha aldea enteira, mesmo unha vila. As larvas de escaravello abren cos dentes camiños na madeira por debaixo da cortiza, facendo unha sala para cando chegan as crías novas. O carballo ata ten unha médica que o trata con moito cariño, dando golpiños e auscultando para ver que doenza ten. A cambio, a árbore déixalle facer casa nun furado da cortiza. De veciñanza teñen unha familia de esquíos, un leirón cobizoso ben metidíño no seu cuarto preparándose para superar sen problemas o inverno e un moucho moi pequeno que chama tal cal así, moucho pequeno.



Baía Cartonado
25 × 25 cm 24 páxinas

(Parte enciclopédica de 18 páxinas + 6 paneis de cartón troquelados)

ISBN: 978-84-9995-349-6

17,10 €

Mestura o formato enciclopedia e o habitual de libro infantil con diversos troquelados. O resultado é unha publicación de estética atractiva e unha clara finalidade didáctica coa que pequenas e pequenos poderán aprender unha manchea de datos arredor da vida que xorde dentro e arredor das árbores e nos tobos e tobeiras nas que habitan algúns animais. As ilustracións son de Ekaterina Kolesnikova e a tradución, de María Reimóndez.



Markéta Špačková

Por tobos e tobeiras

O raposo é un desastre, mentres que o teixugo é moi limpo e ata ten o seu propio baño. É sorprendente, pero estes dous animais son veciños que a miúdo comparten un tobo. As páxinas deste libro permiten botar unha ollada ao interior das cámaras misteriosas que se atopan ao pé de tocos e árbores caídas e andar por camiños subterráneos para visitar felices familias de coellos, osos a durmir nas súas camas ou algúns armiños falcatrueiros. A parte da obra en formato enciclopedia dá a coñecer algúns dos animais máis habituais nestes biotopos e a parte complementaria presenta un modelo de tobo, con páxinas troqueladas, no que os seus habitantes comentan o seu particular xeito de vida.

Baía Cartonado
25 × 25 cm 24 páxinas

(Parte enciclopédica de 18 páxinas + 6 paneis de cartón troquelados)

ISBN: 978-84-9995-348-9

17,10 €



Radka Píro O arrecife de coral

Peixes de cores, diminutos cabaliños de mar, polbos arteiros... son estes todos animais que viven no arrecife de coral. As mornas augas tropicais garanten o alimento e as fendas dos arrecifes, un acubillo perfecto. Un libro troquelado a toda cor para mergullar nas profundidades mariñas e coñecer os biotopos deste espectacular ecosistema. Ilustracións de Martin Šojdr e tradución de María Reimóndez.

Baía Cartonado
23 × 23 cm 12 páxinas

ISBN: 978-84-9995-359-5

13,90 €

Oli e Natalia Colombo Ratos na escola

A historia transcorre nun ambiente de xúbilo, humor e emoción polas experiencias tan diversas e enriquecedoras que van compartir. A proposta plástica de Natalia Colombo destaca polo seu luminoso colorido.

Kalandraka Cartonado
22 × 22 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-091-1


13 €

En castelán:

Ratones en la escuela

ISBN: 978-84-1343-092-8





Pilar Serrano

Rumores no bosque

O bosque sofre unha revolución, que a punto está de provocar consecuencias irreparables. Alguén botou a andar un rumor que vai pasando duns animais a outros sen que se comprobe a veracidade. As palabras condicionan de forma sorprendente o comportamento dos animais, ata que finalmente se descobre o verdadeiro motivo de tanta preocupación... As imaxes da ilustradora catalá Laia Domènech, aparentemente sinxelas, de elaboración lenta e pausada, con poucos elementos, teñen un aire melancólico, sutil, sen estridencias.

OQO Cartonado 25 x 23 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-9871-617-7

14,90 €



Joan de Boer


O sultán e os ratos

Conto de orixe árabe que encadea unha serie de sucesos que van complicando cada vez máis a historia deica o final, para tornar ao punto de partida. Todos os sucesos son tratados con moito humor, e as situacións ocorrentes e disparatadas sucedense unha tras outra. As repeticións do conto resultan moi eficaces para conectar cos destinatarios infantís, dado o seu carácter lúdico. Txell Darné realizou as ilustracións coa técnica da colaxe, e a partir de obxectos antigos que lle confiren ao libro un certo aire de época. A ilustradora amosa un gran dominio da técnica e sorprende cunhas composicións orixinais e imaxinativas, nas que o humor está moi presente.

OQO Cartonado 25 x 23 36 páxinas

ISBN: 978-84-9871-639-9

14,90 €



Antonio Rubio

Chofer de sandías

Simpática historia ambientada nunha gran cidade, alienada e alienante. Pero mesmo en lugares tan hostís acontecen cousas sorprendentes, excepcionais e insólitas. Como que unha humilde semente de sandía agrome, medre, florece e dea froitos enroscada nunha farola, convertida en parra luminosa. Un texto rimado de Antonio Rubio, traducido e adaptado por Xosé Ballesteros. As ilustracións de Emilio Urberuaga son de intensa paleta cromática, dinamismo nos trazos e enxeñosas achegas gráficas que invitan a imaxinar que un feito aparentemente anódino e desapercibido aos ollos da maioría marque un antes e un despois no día a día.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 36 páxinas


ISBN: 978-84-1343-089-8

13 €

En castelán:

Chofer de sandías

ISBN: 978-84-1343-090-4



Kiko da Silva

Moncho e a mancha

Ao pequeno Moncho gústalle pintalo todo: a cama, o mantel, a neveira e mesmo o seu propio avó... Logo dunha intensa xornada creativa, empénase en esclarecer o significado dunha mancha de pintura negra que descobre nun papel en branco. Vinte anos despois da creación desta obra que achegaba un novo concepto de ilustración a través da súa tridimensionalidade, este libro segue sorprendendo tanto ou máis que antano polos seus personaxes, que parecen ter vida propia. Cada ilustración é unha escultura feita con cerámica e cemento policromado destinada a suxerir as distintas interpretacións que pode ter unha simple mancha.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 48 páxinas


ISBN: 978-84-1343-098-0

13 €

En castelán:

Moncho y la mancha

ISBN: 978-84-1343-099-7



Toño Núñez

Ana e a lúa lueira


Conto musicado

Conto-canción de ambiente mariñeiro, dirixido ao mundo interior das nenas e nenos e que se ofrece como unha ventá aberta ao espazo das emocións, da tenrura, da sensibilidade e da beleza. Con ilustracións de Noemí López Vázquez e música de Fernando Gómez Jácome.

Baía Cartonado 15 x 19 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-9995-366-3

13 €



Ángeles Goás


O asubío do avó

Texto que fala da perda das persoas dun xeito sinxelo e natural. Nomeadamente da marcha do «mellor avó do mundo». Con ilustracións de Leandro Lamas.

Galaxia Cartonado 24 x 21 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-9151-711-5

15,20 €



Sabela Fernández Trelles


Que queres ser de maior, pequena?

A Antía moito a amola que os adultos lle preguntan de cote que quere ser de maior e, aínda máis, que sempre a respondan eles mesmos sen contar coa súa opinión: «Serás unha gran doutora, como a túa nai; ou unha gran panadeira, seguindo a tradición familiar!». Pero Antía ten moi claro a que lle gustaría dedicarse, e os oficios que imaxina non poden estar máis lonxe do que se agarda dela. Con ilustracións de María Brenn.

Xerais Cartonado 16,2 x 25 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-9121-986-6

15,50 €




Xosé A. Perozo Don cazapalabras

A narración de Don Cazapalabras transcorre no universo de Semprefalarás, onde conviven moitas linguas en harmonía. Pero un día, coa chegada de Dona Cismeira, todo cambia e as linguas comezan a mesturarse unhas coas outras e están en perigo de ser devoradas pola nova inquilina. Grazas á sabedoría de Don Cazapalabras, supérase este perigo e logran convivir con respecto e leducia. Don Cazapalabras é unha obra que abarca unha gran cantidade de cuestións vencelladas coas linguas desde unha perspectiva divulgativa e amena.

Auga Rústica
21 x 21 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-122846-5-2
15 €



Jakob Wegelius Os espías de Oreborg

Un descoñecido baixou do ferrobús na estación de tren de Oreborg. Tiña unha leve coxeira e levaba unha coroa de pequenas flores no sombreiro. Polo demais, non había nada raro nin misterioso nel. Aínda que iso era só o que parecía... Un par de días despois, Oreborg viuuse sacudida por un enorme escándalo de espionaxe e piratería. Nunca foi desvelada toda a verdade sobre este entramado criminal e a día de hoxe ninguén sabe aínda quen era o forasteiro que coxeaba. Ninguén salvo o Comandante de Snårholmarna. E o propio misterioso estraño, naturalmente... Os espías de Oreborg foi publicada por primeira vez en 1994. Desde aquela, Jakob Wegelius escribiu outros seis libros que se traduciron a máis de 20 idiomas e recibiu, entre outros, o Premio August e o Premio do Consello Nórdico.

Sushi Cartonado
19 x 26 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-16884-47-6
16,15 €



Olaia Sendón A crebeira Marabillas

Marabillas é crebeira. Unha crebeira apaña as cousas que o mar trae á praia. Ás veces o mar tamén trae tesouros, por iso ser crebeira é tan fabuloso.

Xerais Cartonado
26,4 x 21,5 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-9121-988-0
15,50 €



Petiscos Unha ducia de aventuras

Neste caderno atoparás petiscos dunha ducia de aventuras para ir abrindo boca á cada vez máis ampla oferta literaria en galego. Un bo acompañamento para... almorzos, tacos e merendas! Con ilustracións de Sarai Lorenzo

Sushi Rústica
19 x 26 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-16884-49-0
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Contén fragmentos dos libros:

- Amelia Fang e o Baile Barbárico
- O rapaz do vestido
- Unha misión para Clara
- Sira e o robot
- O doutor Proctor e os pos botapeidos
- Douche a miña palabra
- Conta nove estrelas
- A complicada vida de Bieito Viqueira
- Pippi Mediaslongas
- A pel do mundo
- Ulises e as cronoamigas
- A que cheiran as cores?



Jordi Font Barris Virus e bacterias. E logo... por que?

Texto con preguntas enxeñosas e respostas rápidas para aprender moitos detalles e curiosidades sobre os virus e as bacterias. As rapazas e os rapaces queren saber moitas cousas e por iso sempre están dispostos a abrir a boca para facer unha chea de preguntas. Este libro despertará a súa curiosidade e a súa gana de saber aínda máis. Ilustracións de Jorge del Corral Escriche.

Xerais Rústica
14 x 20,5 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-9121-979-8

15,15 €



Petiscos + Máis alá da lectura

Neste caderno atoparás petiscos dunha ducia de historias cun bo aderezo que che abrirá o apetito para ir máis alá das lecturas: xogos, reflexións, pasatempos, recomendacións... Nunca unha merenda deu para tanto!

Sushi Rústica
19 x 24 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-16884-50-6
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €


Contén fragmentos dos libros:

- A evolución de Calpurnia Tate
- A balada dos unicornios
- O libro do verán
- Cartas de inverno
- Palabra de bruxa
- Be Water
- O soño da serpe
- O curioso incidente do can á medianoite
- Os corpos invisibles
- Nubes de evolución
- Frankenstein
- A miña familia e outros animais

Novas ave
a nena zo



Títulos anteriores



Barbara Cantini Mortiña

Unha historia para esmendorrarse de risa

Hércules Cartonado
14 x 21 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-949176-1-5
12,90 €

aventuras de Mortíña, mbi

Bárbara Cantini


Mortíña e as vacacións no lago Misterio

Por fin chegan as vacacións! Mortíña e a súa familia non as tiñan desde había séculos e collen camiño á Vila Florida da tía Feiticeira e do curmán Dilbert. Pero o relax dura pouco: Mortíña descobre que un gris funcionario quere poxar a mansión, que parece deshabitada. Lograrán atopar a maneira de salvarla antes de que sexa tarde de máis? Tradución ao galego de Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González.

Hércules Cartonado 14 x 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-123211-9-7

12,90 €



Barbara Cantini

Mortíña

Un curmán repugnante

Hércules Cartonado
14 x 21 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-120336-7-0

12,90 €



Barbara Cantini

Mortíña

O amigo pantasma

Hércules Cartonado
14 x 21 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-122537-0-2

12,90 €

8↑



Á VENDA EN
OUTUBRO

Leticia Costas

Os Minimortos

O Día dos Vivos

A noite do Samaín é a máis importante do ano. A Bruxa Xefa celebra na súa casa unha festa de disfraces e convida só a algúns afortunados. Todos os habitantes do Outro Barrio agardan nerviosos polo seu convite mentres deseñan disfraces terroríficos para a ocasión. Pero, que será o que lles dá medo aos Minimortos? Un vampiro? Un lobishome? Un problema de matemáticas? E o máis importante: recibirán a agardada invitación da Bruxa Xefa ou quedarán sen festa?

Xerais Rústica
14 x 20 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-9121-989-7

12,50 €

9↑



Á VENDA EN
OUTUBRO

Antonio Manuel Fraga

Papá canibal

Fedora está farta de que o abusón do cole se meta con ela, así que decide asustalo contándolle que o seu pai é un canibal. O Efebei, un policía fóra de servizo por non facer nada ao dereito, inicia unha investigación pola súa conta sobre o suposto canibal para tentar recuperar o prestixio perdido e poder reincorporarse ao traballo. A partir de aquí comeza un atolado enredo que ten lugar durante a noite do Samaín. Unha novela disparatada, enxeñosa, macabra e tremendamente divertida, na que mesmo se pode escoller o final! Ilustrada por Santy Gutiérrez.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-9121-987-3

12,70 €

11↑



IV PREMIO AGUSTÍN
FERNÁNDEZ PAZ
POLA IGUALDADE 2021

Iria Misa

A cidade do átomo

Logo da explosión no reactor catro da planta nuclear de Chernóbil todo semella inerte na cidade do átomo. Desde a súa evacuación, Pripiat é unha cidade en ruínas que os pequenos e as pequenas, ante a ausencia de adultos, se afanan por manter en funcionamento. Todos agás Lena Petrov, diferente e solitaria, que non é quen de atopar o seu lugar entre as rúas e edificios baleiros. Non hai nin rastro da súa mellor amiga e agarda con ansia o regreso da súa nai. Tan só o enigmático Máscara parece adaptarse tan mal coma ela á nova orde das cousas. As ilustracións son de Sonia García.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-9121-961-3

12,70 €

11↑



Ramón Caride


As músicas viaxeiras

En tempos remotos, as princesas vivían fechadas en torres mentres agardaban a chegada de príncipes con sangue azul. As pandeireiras, pola contra, tiñan que buscar a vida polos camiños. Con todo, nin moitas das mulleres se resignaban ao seu destino nin todas as princesas se conformaban con non poder ver o mundo cos seus propios ollos. Aínda que daquela había homes ruíns nas encrucilladas e nas tabernas, ou en pazos baixo da terra, tamén había mozas que loitaban para poderen ser elas en liberdade. Esta é unha historia que fala de princesas rebeldes e de músicas viaxeiras para lembrar que non todos os contos son exactamente como nolos contaban. Con ilustracións de Dani Padrón.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-9121-962-0

12,70 €



Francisco Castro


O cemiterio de barcos

Historia luminosa de amor e amizade contra a violencia en todas as súas expresións. Unha novela de iniciación, aventuras e misterio que atrapará a lectores de todas as idades. David lembra moi ben canto gozaba das vacacións de verán na vila natal do seu pai, cando era neno. Agora ten deza-seis anos e todo é distinto: foi un curso difícil no instituto e nada lle apetece menos que volver á vila de sempre. Pero así como chega coñecerá a Lucía, unha rapaza que vén de saír dunha relación tóxica e violenta, e xorde entre eles unha complicidade case instantánea. Xuntos descubrirán un segredo soterrado na vila dende hai décadas para así desvelar unha rede corrupta que ameaza con estragar os recursos e o equilibrio da vila e os seus habitantes.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 292 páxinas

ISBN: 978-84-9151-716-0

16,05 €



Marcos Calveiro


Todos fomos

Seis anos despois da desaparición de Natalia, unha chamada do pasado esperta unha mañá á inspectora Lina Souto: a rapaza apareceu espida e viva nunha praia de Teis. Comeza así unha trepidante carreira contra reloxo para descubrir o acontecido durante todo este tempo e, quizais, tamén para salvar a vida dun meniño. Mentres, os medios de comunicación sensacionalistas -coa inefable presentadora Belén Soliño á fronte- entorpecen a investigación e a resolución do caso.

Xerais Rústica 13 x 21 144 páxinas

ISBN: 978-84-9121-984-2

12,30 €



Edith Nesbit


O Castelo encantado

Jerry, Jimmy e Cathy son tres irmáns que pasan as súas vacacións nunha pequena vila do suroeste de Inglaterra. Mentres exploran a contorna chegan a un castelo cun xardín encantado, onde espertan unha fermosa princesa que ten un anel máxico; pero as cousas non sempre son como parecen, e a princesa é Mabel, a sobriña da ama de chaves, aínda que o lugar si que está encantado, e terán que usar a maxia do anel para saír de moitos enredos. Maxia, aventuras, misterio e moita imaxinación converxen nesta obra de Edith Nesbit (Londres, 1858-1924), figura clave da literatura inglesa con grande influencia sobre escritores como C. S. Lewis ou J. K. Rowling.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-9151-726-9

14,90 €



Walt Whitman


Oh, capitán!

Tradución e escolma a cargo de Penelope Pedreira. Esta antoloxía poética agrupa máis de trinta poemas representativos de Walt Whitman, tanto no tocante á temática coma ó tratamento, que poden resultar de interese para a mocidade.

Sushi Rústica
14 x 21 cm 102 páxinas

ISBN: 978-84-16884-43-8

12 €



Jakob Wegelius


A rosa falsa

«Pediame que escriba todo o que sei sobre o home a quen chamaban Shetland Jack. Fareino. Voulle relatar a súa dura vida. E desvela-reille a terrible verdade sobre a súa violenta morte. Pero a historia de Shetland Jack non acabou coa súa morte. E a historia de Jack converteuse en parte da miña propia historia. Tamén debo escribir sobre isto, aínda que sexa difícil para min. Desexaría esquecer moito do que pasou este último ano. A súa amiga, Sally Jones». *A rosa falsa* é unha secuela independente dos libros gañadores do premio August *A lenda de Sally Jones* e *O mono do asasino*. Tradución de Moisés Barcia e ilustracións en branco e negro de Jakob Wegelius.

Sushi Cartonado
14 x 18 cm 528 páxinas

ISBN: 978-84-16884-45-2

22,80 €



Pepe Carballude


In memoriam

A chegada dun grupo de voluntarios da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica para escavar o antigo Parque da cidade, onde se cre que están os restos dun fusilado pouco despois da Guerra Civil, desencadeará un lote de sorpresas, que saldarán débedas pasadas e avivencarán velas historias adormecidas. Novela de actualidade na que se quere facer xustiza e homenaxear a persoas que pagaron coa vida a defensa dos seus ideais.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-9121-904-0

12,30 €



Beatriz García Turnes

Esta noite hei de ir a verte

Unha mestra que acaba de sacar as oposicións chega á súa primeira escola, na parroquia de Brandeira. Alí agárdana moitas outras cousas que non esperaba atopar: unha casa abandonada, luces misteriosas, unha alumna inquietante, uns amores truncados e as feridas do pasado que continúan abertas. Sabela descobre que non todo é o que parece, que a vida sempre te sorprende alí onde menos o agardas e que os finais dunhas historias dan paso ao comezo doutras. Un relato intenso, ás veces inquietante.

Galaxia Rústica
13 x 21 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-9151-645-3

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Xosé A. Neira Cruz O enigma de Santiago

Coincidindo cunha das moitas viaxes de seu pai, Samuel entra en contacto cunha estudante de xornalismo que descubriu a existencia dunha trama que converte a Santiago nunha das capitais do tráfico clandestino de reliquias. O valor deses obxectos, e as súas lucrativas ganancias, fan que algúns sexan quen de todo con tal de manter os seus privilexios. Mais tamén están André e o seu can Bretón. André vive na cidade desde hai uns meses, tocando polas rúas na procura dun lugar no mundo. Xuntos inténanse nunha aventura inesperada e fascinante: a que pon en contacto dúas épocas para descubriros que, con independencia dos tempos, os seres humanos actúan sempre dun xeito semellante. Para ben e para mal. Quizais porque, en realidade, o tempo non existe.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 212 páxinas

ISBN: 978-84-9151-724-5

15 €



Adrián Gómez Ramos Cando sangren os lobos

Hai un asasino solto polas rúas de Compostela. Só dous irmáns distanciados tras a morte dos seus pais coñecen os segredos necesarios para detelo. Fernán e Xandre Malvis terán que superar as barreiras autoimpostas entre eles e aprender a confiar o un no outro mentres se enfrontan a un criminal que supera o raciocinio. Lobishomes, meigas e segredos de antigas familias crean un entramado que, de non ser resolto, porá en perigo as vidas de todos os habitantes da cidade. O tempo corre ata a seguinte lúa chea; cada nova noite pode supoñer unha vítima máis e, un só erro, a perda de todo aquilo que os irmáns consideran digno de protexer.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-9121-936-1

12,30 €



Víctor Rivas Anacos da vida

Debuxos acompañados de pequenos textos a modo de sinxelas cantigas populares que poñen o acento en situacións cotiáns, moitas delas relativas ao mundo rural, non tan afastado e aínda así esquecido. «Nestas estampas rurais, netamente galegas, Víctor sabe mesturar en perfecta harmonía unhas xenerosas doses do seu admirado Yves Chaland, mestre da BD francobelga, co grolo xusto da vertente máis retranqueira e gráfica de Castella, aderezando a mestura cunhas pingas do Peter Arno máis sintético, intelixente e mordaz do semanario *The New Yorker*, todo iso remexido con mestría, personalidade e, por riba de todo, honestidade», di David Rubín nun dos textos previos á obra.

Galaxia Cartonado
25 x 25 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-9151-650-7

19 €

José Arcas Viches iso?


Un singular percorrido pola vida das aves invisibles

O autor leva trinta anos observando, estudando e debuxando aves. Con este libro pretende facer unha chamada de atención para que outras persoas ergan a cabeza e miren con detenemento para descubrir as aves que viven ao seu carón, na porta da casa, ben sexa na cidade, na aldea ou na praia. Non son invisibles, talvez para velas hai que esperar a curiosidade por descubrirlas.

Galaxia Cartonado
21 x 30 cm 92 páxinas

ISBN: 978-84-9151-712-2

19 €



René Goscinny e Albert Uderzo

Jean-Yves Ferri e Didier Conrad

Astérix e o grifón

Estamos no ano 50 antes de Cristo. Toda a Galia está ocupada polos romanos... Toda? Non! Unha aldea poboada por irredutíbles galos aínda segue resistindo o invasor. E a vida non é doada para as gornicións de lexionarios romanos nos reducidos campamentos de Babaarum, Aquárium, Laudánium e Petibónium... Os dous galos máis famosos regresan nunha nova aventura realizada, como en ocasións anteriores, polo talentoso dúo creativo formado por Jean-Yves Ferri no guión e Didier Conrad na ilustración. A tradución é de Xavier Senín, M^a Isabel Soto e Alejandro Tobar.

Xerais Cartonado
22 x 29 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-9121-929-3

9,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Marta Dacosta Alonso

Notas sobre a extinción

Notas sobre a extinción nace da capacidade de asombrarnos e descubriremos a fermosura das pequenas cousas, de comprobar, unha vez máis, que a poesía é quen de borrar os límites do tempo e o espazo e de fixar, coma unha alfaiá imprescindíbel, cada unha das palabras que nos construíron e nos negamos a perder. Poesía-antídoto. Poesía-paz. Contemplan e reconciliáronos coa vida. Descubrir que a beleza aínda é posíbel. Retela canda nós.

Galaxia Rústica
12,5 x 22 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-9151-710-8
15 €




Xurxo Alonso

As vaidosas agonías

As vaidosas agonías, título en que se recolle unha epígrafe de Gesualdo Bufalino, é un poemario que agroma durante a centena de días que durou o confinamento e nace da experiencia dese feito insólito e terrible que sacode o mundo. Estes versos son anotacións desa viaxe comunitaria cara aos territorios da morte, unha exploración poética sobre un inesperado tempo do medo e a súa constancia para a desolación. A voz poética, que tenta comunicarse cos ausentes no medio da confusión, é un fio de desalento que percorre o texto asíndose no baleiro aos espellos da esperanza.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-9121-935-4
12,50 €




Gerardo Álvarez Limeses

Antre dous séculos

O cosmos poético de *Antre dous séculos* xira ao redor dunha Galicia rural que se ollar a través da súa paisaxe, unha Galicia folclórica poboada de tópicos costumistas, agarimosa e fermosa, que Álvarez Limeses humaniza, pero onde non falta a preocupación social na denuncia da inxustiza, a pobreza, a fame e a miseria do labrego, con quen o poeta se amosa solidario. Este poemario, con prólogo de Castelao, deu nome á chamada «xeración de entre dous séculos», e que agrupaba os escritores galegos nados entre 1869 e 1879, protagonistas da transición da literatura galega no cambio de centuria, entre os que estaban, ademais de Álvarez Limeses, Noriega Varela e Cabanillas.

Galaxia Rústica
13,5 x 19 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-9151-647-7
10,75 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Antonia Pozzi

Lume branco

Lume branco escolma os poemas dos últimos anos de vida de Antonia Pozzi, escritos entre os anos 1935 e 1938. Unha poesía que dá conta da súa intelixencia, a súa sensibilidade e a súa bagaxe intelectual. Uns poemas poboados de natureza e montaña, de soidade e morte, nos que tamén destaca a súa fonda preocupación pola crise social e política que vivían Italia e mais o resto de Europa no período de entreguerras. Escolma e tradución de Lara Dopazo Ruibal.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 142 páxinas
ISBN: 978-84-17388-63-8
15,20 €



Jei Nogueiro

Folgos

Trobas existenciais

Jei Nogueiro é coñecido en Galicia polo seu excelente traballo como cantautor. Mais, alén do músico, habita nel un poeta que ten, como nas cancións, algo que contar e faíno concentrado en versos de granito e forza maiúscula. Unha gorxa que rebenta para sinalar a realidade e transformala.

Galaxia Rústica
13,5 x 22 cm 106 páxinas
ISBN: 978-84-9151-637-8
9,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Pilar García Rego

Humanario

Segundo a editora *Humanario* é un itinerario polo máis evolucionado dos animais (*oxalá un día venzan*). É posible, iso si, que a viaxe comece cara abaixo (a catábase), cara o fondo da lama, ata non recoñecer as propias mans.

Galaxia Rústica
13,5 x 22 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-9151-636-1
12,50 €




Carlos Negro e Benxamín Otero

Estrita necesidade

Homenaxe escrita e visual á xeración de país e nais da posguerra, a uns tempos de racionamento, austeridade, afectos fondos e resistencia. A carón dos versos de Carlos Negro emerxen as imaxes de Benxamín Otero. Así describe a súa obra Carlos Negro: «Este libro retrata unha xeración de homes que nunca botou os restos de comida ao caldeiro do lixo. E deixa sobre o prato a prana dunha mazá, a esencia da luz, o termar da memoria entre as sombras. Este libro é de *estrita necesidade*, como as fotografías que o alumean».

Alvarellos Rústica
14 x 21 cm 102 páxinas
ISBN: 978-84-18567-05-6
14,50 €




Olga Novo

Nós nus

Nós nus, é segundo a editora, «unha mestura de líquidos íntimos que tiran do poema coma dun becerro. Os deste libro son versos que levan o erotismo do corpo, do sachó e do alpendre no seu útero de bruxa. A autora abriu as coxas e pariu a verba». Este libro segue no tempo á publicación do seu aclamado poemario *Feliz idade*, que mereceu que é Premio da V Gala do Libro galego, Premio da Crítica galega, Premio da Crítica española e Premio Nacional de Poesía 2020.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-9121-912-5
12,70 €




José Luis Calvo Vidal O poeta chinés

O autor ispe a poesía para achegar unha lírica transparente e esencial. O seu verso leve, emotivo, tremoroso, invita, sempre da man de Hu Zi, o Mestre Caiota –heterónimo do poeta ciezano Federico de Arce– a contemplar doutro xeito os paxaros, as árbores, a ponte, o río, ao tempo que proporciona a gozosa serenidade de sabernos inmanentes á Natureza.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-123646-6-8
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Xosé Díaz Díaz Pascua

O pasado é fe. Velaí o punto de partida deste poemario. O pasado, magma de experiencia liberada ante o que a historia, apenas un apunte, se mostra incapaz, ten unha encarnación evidente na figura de Deus, e é na distancia do pasado onde pervive a súa omnipotencia, onde ten aínda vixencia a súa urdime, a de Deus e a do pasado. Do cruzamento de ambos pode brincar a barbarie, pero tamén a política. Cabe a pregunta: que liturxia aprobamos? E cal é o herdo político do pasado? Pascua non é unha confesión, é unha celebración sen fe.

Medulia Rústica
20 x 20 cm 50 páxinas
ISBN: 978-84-123646-9-9
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Francisco Rivas Domínguez E despois...

Continuación do libro *Rosas envaiadas*, no que o autor expresa os medos, remorsos, dúbidas, a desconfianza no ser humano e especialmente no poder que dirixe e manda.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 56 páxinas
ISBN: 978-84-124173-0-2
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Carolina Conti Sánchez Qué confuso tener piernas

En cada poema deste libro a fotógrafa e poeta Carolina Conti adéntrase na súa propia respiración, nos latexos da natureza, na comunión co resto de seres. Erotismo contido e palabras como feixes de luz que iluminan un conxunto de poemas que bailan en perfecta harmonía.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-123646-8-2
11,90 €


Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Celso Emilio Ferreiro Longa noite de pedra

Unha das obras claves para entender a literatura contemporánea: libro emblemático e referencia obrigada de toda unha época e de hoxe. Celso Emilio acada nestas páxinas algúns dos seus momentos máis intensos, brillantes e conmovedores. A eficacia da comunicación poética, a forza da súa palabra, a autenticidade do sentimento e a procura en cada caso da expresión máis directa e sentida para o corazón humano fan que estes poemas atesouren un valor universal e, á vez, sexan unha crónica intransferible dun tempo decisivo. Edición ao coidado de Ramón Nicolás.

Xerais Rústica
14,5 x 21 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-9121-937-8
13,20 €




Colectivo Maiakovski Intimidación

Que nos intimida ante o que vai acontecer? Que medo acirra os latexos dos nosos corazóns? Que alento xélido lambe as nosas calugas? Que parálise eiva os nosos espíritos para que non se desanoen en liberdade? Que veleno empezoña o fluír axitado do noso sangue? Que ameaza o futuro, cada intre do futuro? A intimidación converteuse no espírito do século. Sabémolo vén dicir o colectivo Maiakovski, antes de recoñecer que para artellar a defensa non hai respostas: tan só poesía.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-9121-991-0
12,50 €


TEATRO



Ignacio Vilar Aura 1964

Corre o ano 1964 e a ditadura celebra os seus «25 anos de paz». Siro, un adolescente dunha aldea da alta montaña galega, ingresa nun internado relixioso, onde fai amizade con Cosme e Berto, nun ambiente dominado polo adoutramento, a mentira e a aldraxe da dignidade en nome de Deus e da patria fascista, que fai que o protagonista abandone a adolescencia e se mergulle na violenta e opresiva realidade do mundo adulto daquel tempo. Galaxia publica agora o guión cinematográfico do filme, escrito e dirixido por Ignacio Vilar.


Galaxia Rústica
14 x 21 cm 180 páxinas
ISBN: 978-84-9151-718-4
14,90 €



Galo Salinas Rodríguez A torre de Peito Burdelo

A torre de Peito Burdelo é unha obra dramática que sustenta a súa acción sobre a lenda do tributo das cen doncelas ao emir de Córdoba. Introducción e notas de Héitor Mera. Esta obra fai unha achega importante para o sistema literario galego, xa que se publica nun momento no que o teatro galego estaba por facer. Serviu como preparación para unha literatura dramática que estaría por vir, e sen a cal os dramaturgos relacionados coas Irmandades da Fala partirían de cero.

Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-15166-96-2
14 €



José Manuel Barbosa
A evolución histórica dos límites da Galiza
 Volume II

O libro quer ser un traballo de divulgación que visa explicar com dados baseados nas fontes historiográficas, o percurso da Gallaecia/Galiza através do tempo, a respeito da sua variação territorial até à atualidade. Este processo evolutivo, carregado de eventos fundamentais para a história da península e mesmo da Europa e até da humanidade. A leitura dos dois volumes hão de nos levar até uma visão consciencializadora duma realidade até há bem pouco tempo ignorada por todos e difícil de encaixar na narrativa que nos fornece o Estado, mas real, conflituosa dum ponto de vista teórico e intelectual e necessária para criarmos consciência de galegidade, gerarmos uma visão autocrítica do país que nos obrigue a tomar partido por nós próprios e motivo de auto-estima.

Através Capa mole 16,5 x 23,5 cm 200 páginas

ISBN: 978-84-16545-58-2

15 €

A evolución histórica dos límites da Galiza I

Através Capa mole 16 x 23 cm 248 páginas

ISBN: 978-84-16545-50-6

16,15 €

VV. AA.

Grial n.º 230


Monográfico sobre Emilia Pardo Bazán no que María López Sánchez, Marilar Aleixandre, Eva Acosta e Álex Alonso debullan desde unha perspectiva actual a súa obra, como explica a propia María López Sánchez: «Desde este número de GRIAL, queremos contribuir á ollada calidoscópica á que segue convidando, cen anos máis tarde, a figura vizosa e estimulante de Pardo Bazán, sobre a que, non nos cabe dúbida, as interpretacións e os sentidos seguen a estar inesgotados,

como ocorre coas grandes producións nas que á calidade formal ou estilística se sobrepon a aguda intuición das tensións sociais, psicolóxicas e humanas, esas que nos envolven e conforman».

Galaxia Rústica
 18,5 x 27 cm 172 páginas

Ref.: 10000000000292

13 €



Camilo F. Valdehorras (ed.)
Do mellor de Nós Vol. II.
As Belas Letras da Renacencia

Este volume é a revista literaria, *stricto sensu*, do Boletín Nós. Ou sexa, o compendio do corpus de textos pertencentes a 88 autores con propiedades literarias e ficcionais, debidamente peneirado e entresacado do conxunto da produción intelectual contida no Boletín Nós. Brinda 166 textos estéticos «fundacionais» nun Mostrario que reflicte os estilos artísticos máis representativos das Letras galegas durante os case tres lustros de vida (1920-1935), entre dúas guerras mundiais e entre dúas ditaduras de España, en que o Boletín Nós levou a batuta da orquestra ideolóxica, literaria e científica das Irmandades.

Hércules Cartonado 17 x 24 cm 440 páxinas

ISBN: 978-84-123211-8-0

42,75 €



Á VENDA EN
 OUTUBRO

Marta Neira Rodríguez, Blanca-Ana Roig Rechou e M^a Isabel Soto López (Coord.)

A morte e as súas representacións na LIX ibérica e iberoamericana

A monografía *A morte e as súas representacións na LIX ibérica e iberoamericana*, nova publicación da Rede Temática de Investigación «Las Literaturas Infantil y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano» (LIJMI), nace co propósito de ofrecer un apoio teórico no seu labor de mediación a docentes, profesionais das bibliotecas, familias, animadores culturais etc. Os diferentes estudos que acolle analizan como se trata o tema da morte nas literaturas infantís e xuvenís dos diferentes ámbitos (castelán, catalán, galego, portugués, vasco, brasileiro, chileno e mexicano). Así mesmo, o lectorado interesado atopará nestas páxinas unha completa selección de títulos pertencentes a diferentes xéneros e modalidades editoriais nos que se aborda a morte desde diferentes perspectivas, vinte e oito dos cales son obxecto dun comentario pormenorizado.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 584 páxinas

ISBN: 978-84-9121-985-9

24,22 €

Xosé Estévez

A presenza de Castelao en Euskadi

Páxinas que revelan como unha figura carismática e creati-

va, irredutible na súa perspectiva política e ética, se converteu nun líder de referencia para os nacionalistas vascos. Dende o seu paso por Euskadi para viaxar por Europa en 1932, até o último para honrar a Arbore de Gernika en 1993, Castelao sentiu unha fonda e sincera que- renza por Euskal Herria. Esa nación correspondulle de manei-

ra admirada e diversa. As obras do rianxeiro foron traducidas ao éuscaro, contexto intelectual no que atoparon unha fértil recepción.

Toxosoutos Rústica
 15 x 21 cm 303 páxinas

ISBN: 978-84-123409-7-6

16,15 €

Ramón Otero Pedrayo e Sebastián Martínez-Risco

Ao abeiro da amizade

Epistolario 1926-1976




Velaquí a correspondencia entre dúas figuras chave da cultura galega dos anos centrais do século XX: Sebastián Martínez-Risco e Ramón Otero Pedrayo. Máis de 150 cartas do autor de Trasalba e 60 de quen foi presidente da Real Academia Galega. Desde o ano 1926 até o 1976, os dous autores tratan asuntos variados, nos que predominan a actividade cultural, fundamentalmente arredor da Real Academia Galega, xunto co proceso de elaboración das propias obras e as súas peripecias editoriais. Non faltan aspectos íntimos e persoais que poñen ao descuberto a calidade humana dos dous amigos.

como ocorre coas grandes producións nas que á calidade formal ou estilística se sobrepon a aguda intuición das tensións sociais, psicolóxicas e humanas, esas que nos envolven e conforman».

Galaxia Rústica
 13,5 x 21 cm 438 páxinas

ISBN: 978-84-9151-639-2

24,46 €



Alberto Fortes A viaxe xeométrica de Domingo Fontán

Domingo Fontán (1788-1866) asistira durante dous cursos ás aulas de matemáticas sublimes que na Universidade de Santiago impartía o profesor lalinense Xosé Rodríguez, quen co tempo sería coñecido coma o matemático de Bermés. Alí coñeceu as miudezas da triangulación xeodésica empregada para a medición da meridiana dende Barcelona até Formentera que o propio matemático Rodríguez lograra concluír en 1808 cos franceses Biot e Arago e o español José Chaix, continuando así a medición que Delambre e Mechain fixeran de Dunkerque a Barcelona. Alí tamén concibiu a idea de debuxar un mapa de Galicia segundo os métodos científicos. Este libro dá conta da monumental tarefa que o xeógrafo de Portas levou adiante entre 1820 e 1834, nunha fermosa aventura polos máis esgrevios cumios galegos, facendo unha especial recreación do levantamento da antiga provincia de Tui, que Fontán fixo xunto con Xosé Dionisio Valladares nos meses de maio e xuño de 1829.


Laiovento Rústica 14 x 21 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-8487-535-2

17,05 €

Narciso de Gabriel Vermellos e laicos

A represión fascista do maxisterio
coruñés



laicos» foron castigados unha boa parte dos mestres e mestrás, como demostra este libro, que inaugura a colección Memoria Histórica de Editorial Galaxia.

Galaxia Rústica
13,5 x 22 cm 388 páxinas

ISBN: 978-84-9151-614-9

24,70 €



Á VENDA EN
OUTUBRO

María Reimóndez, Ana Luna Alonso e Alberto Álvarez Lugo Unha voz, moitas voces Xela Arias tradutora

Como tradutora, Xela Arias é unha voz e moitas voces: usou a súa escrita para facer falar a outras e do seu traballo tradutor tamén se desprende unha ampla polifonía. A súa obra dá testemuño do longo camiño percorrido no pensamento e na práctica da tradución en Galicia. Estudar a obra de Arias de xeito atento, diverso en enfoques é importante para coñecerla a ela, mais tamén para entender esa evolución, sen asumir saltos nin beatificacións.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-9121-990-3

17,38 €

Ramón Villares Cultura e política na Galicia do século XX

Obra que analiza as relacións entre cultura e




Galaxia Rústica
13,5 x 22 cm 420 páxinas

ISBN: 978-84-9151-613-2

23,75 €

política na construción de Galicia como nación cultural no século XX. A idea central é explicar a forte hexemonía da cultura e a súa acción política nos momentos máis decisivos da historia contemporánea galega, desde a aparición da xeración Nós ata a transición democrática e o nacente réxime autonómico. O texto axuda a entender a Galicia actual, en perspectiva comparada e nun contexto europeo e americano.



Xosé Manuel Sánchez Rei O portugués esquecido

O galego e os dialectos portugueses
setentrionais

Durante séculos, a oralidade popular das rexións setentrionais de Portugal conservou trazos fonéticos, gramaticais e lexicais que corresponden, na actualidade, a características diferenciadoras do galego a respecto do padrón lusitano. Os gramáticos, lexicógrafos e tratadistas da metrópole lisboeta combatéronas enerxicamente. Mais a maioría delas, por motivos culturais, históricos, sociolóxicos etc. conseguiu sobrevivir até aos anos finais do século XIX ou primordios da seguinte centuria e, nalgúns casos, inclusive se mantiveron na nosa época. Este estudo afonda neses elementos lingüísticos considerados hoxe marcadamente galegos, e, até non hai moito tempo, tamén idiosincráticos da lingua oral dialectal do Minho e de Trás-os-Montes.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 618 páxinas

ISBN: 978-84-8487-537-6

37,95 €

Irene Vallejo O infinito nun xunco

A invención dos libros no mundo
antigo



PREMIO NACIONAL
DE ENSAIO 2020

Relato fascinante sobre os libros: o nacemento, a súa historia, o impacto social. Ao longo de trinta séculos, a fabricación dos libros botou man do fume, da pedra, do barro, dos xuncos, da seda, da pel, das árbores e, finalmente, do plástico. Esta é unha aventura colectiva protagonizada por persoas que ao longo dos séculos fixeron e protexeron libros: narradoras orais, escribas, iluminadores, tradutoras,

vendedores ambulantes, mestrás, sabios, espías, rebeldes, monxas, escravos, aventureiras, lectoras e lectores... Traducido ao galego por María López Suárez.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 480 páxinas

ISBN: 978-84-9121-843-2

23,70 €



Juan Alberto Turnes Abelenda Descentralización fiscal e desenvolvemento

Os fluxos fiscais directos e indirectos entre Galicia e a Administración Xeral do Estado

Despois duns anos intensos de investigación académica para a súa tese de doutoramento, Juan Alberto Turnes ofrece neste texto unha detallada aproximación ao complexo problema dos fluxos fiscais, con amplitude e cunha perspectiva galega. O estudo destaca tanto pola reflexión teórica que ofrece coma, sobre todo, polo rigor do traballo empírico realizado.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-8487-525-3

23,70 €




Castiñeira Soldados forzosos

A memoria esquecida da Guerra Civil española Historia fotográfica dos galegos que loitaron forzosos na Guerra Civil, desde que eran cidadáns na República, pasando pola súa experiencia bélica, ata a súa volta en plena ditadura. Unha contribución que tenta saír dos discursos simplificadores, incidindo en que as guerras non teñen nada de heroico, senón que traen consigo morte, fame e sufrimento. O autor é doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente é contratado posdoutoral da Xunta de Galicia no departamento de Historia da USC. Membro do Grupo de Investigación HISTAGRA.

